Universidade Vigo

ANEXO I

BAREMO PARA A CUALIFICACIÓN DE MÉRITOS

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

Puntuación máxima no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos. A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de titulacións afíns (apartados a e b) ou áreas afíns (apartados c e d). Non se puntuará no caso de titulacións/áreas non afíns.

a) Expediente académico (nota media ponderada, conforme ao R.D. 1125/2003 de 5 de setembro. BOE 224 do 18 de setembro de 2003)

b) Grao de Licenciatura ou Tese de Licenciatura

Sobresaliente	1
Notable	0,66
Aprobado	0,33

c) Tese de Doutoramento

Sobresaliente "cum laude" (ou Apto "cum laude")	4
Sobresaliente	3
Notable	2
Aprobado	1

d) Diploma de Estudos Avanzados: 0,75 puntos.

e) Premio Extraordinario de Doutoramento: 1 punto

f) Outras titulacións:

- De primeiro ciclo: por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 0.5 puntos.
- Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1 punto.
- Titulacións de posgrao: polos estudos correspondentes a cada titulación de posgrao declarados legalmente equivalentes: 0.5 puntos.

2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Valorarase a calidade dos traballos publicados, proxectos, comunicacións en congresos, etc. correspondentes á área de coñecemento obxecto do concurso, ata un máximo de 10 puntos.

A puntuación dos méritos correspondentes dividirase por dous no caso de áreas afíns.
Non se puntuará no caso de áreas non afíns.
Nas publicacións en co-autoría, dividirase polo número de participantes.

a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, patentes, exposicións individuais e colectivas (as publicacións serán de autoría propia, exclúense as traducións)
   - Ata 2,0 puntos por mérito.

b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas e elaboración de catálogos.
   - 0,25 puntos por mérito. Máximo de 2 puntos no apartado.

c) Participación xustificada en proxectos subvencionados en convocatorias oficiais e outros proxectos I+D en empresas ou institucións.
   - 0.25 por participación. Máximo de 2 puntos no apartado.

d) Por dirección de teses.
   - Ata 1 punto por mérito.

e) Por dirección de TFG e TFM.
   - ata 0.50 punto por mérito.

f) Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación.
   - 0.50 punto por mes.

g) Estadías no marco do programa Erasmus+PDI.
   - 0.50 puntos por estadía.

h) Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, membros de comités científicos, membros de comité organizador de congresos, bolsas de investigación de organismos privados, organizador de seminarios, organizador de conferencias, organizador de formación, premios de investigación, revisións de publicacións científicas.
   - 0.50 puntos por mérito.

3. EXPERIENCIA DOCENTE

Puntuación máxima da suma das alíneas aquí incluídas no caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso: 10 puntos

A puntuación da/s alínea/s correspondente/s dividirase por dous no caso de áreas afíns.

Non se puntuará no caso de áreas non afíns.

a) Docencia universitaria:
   A puntuación correspondente a Docencia Universitaria dividirase por dous no caso docencia impartida en Universidades Privadas.
   -2 puntos por cada ano de docencia en réxime de adicación a tempo completo.
   -1,50 puntos por cada ano en réxime de adicación a tempo parcial.
   -0,50 puntos por cada 60 horas anuais de docencia para o persoal investigador en formación, con acreditación oficial.

b) Docencia non universitaria:
   -0,50 puntos por cada ano de docencia en centros de ensino regrado.

c) Acreditación a profesor contratado doutor: 1 punto.

d) Acreditación a profesor titular: 1 punto.

e) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: 1 punto.

Nos casos de docencia inferiores a un ano ou de docencia non universitaria a tempo parcial, procederase ao rateo da puntuación.

4. EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase unicamente a experiencia profesional que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza: ata un máximo de 10 puntos. Outra experiencia profesional relacionada coa área, a puntuación dividirase por dous. Non se puntuará a experiencia profesional non relacionada nin co perfil nin coa área.

a) Actividade profesional por conta allea e/ou conta propia: 1 punto por ano.

Nos casos de contratos inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

5. PROXECTO DOCENTE

Valorarase o proxecto presentado, de acordo coa súa adecuación á materia da praza obxecto de concurso: ata un máximo de 10 puntos.

6. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Valorarase o coñecemento da lingua galega, certificado mediante a correspondente certificación de coñecemento de lingua galega (CELGA). O máximo de 10 puntos corresponderase co nivel CELGA 5.

7. OUTROS MÉRITOS

Ata un máximo de 10 puntos.

a) Participación en tribunais avaliadores de TFG, TFM: 0.25 puntos por participación.

b) Participación en tribunais Teses de doutoramento: 1 punto por participación.

c) Participación en tribunais avaliadores de premios: 1 punto por participación.

d) Participación en outros tribunais de avaliación (ABAU): 1 punto por participación.

e) Por actividades formativas superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos, ou relacionadas coas tecnoloxías aplicadas á educación, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades: 0.1 puntos por cada 10 horas de formación de actividades de formación acreditadas.

f) Pola impartición de actividades de formación e perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos, ou relacionadas coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades: 0.2. puntos por cada 5 horas de formación impartidas.

g) Certificado de Escolas Oficiais de Idiomas: por cada certificado de nivel B2: 1 punto.

h) Por ser membro de órganos colexiados nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

i) Por ser membro de órganos de representación nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

j) Por ser membro do Plan de acción Tutorial (PAT) nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

k) Por ser coordinador de convenios Erasmus-alumnado nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

l) Por ser coordinador de grao nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

m) Por ocupar cargo de coordinador e/ou secretario de Mestrado nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

n) Por ocupar cargo de secretaría de departamento ou centro nunha Universidade pública: 1 punto por ano.

o) Por ocupar cargo de vicedecanato/subdirección nunha Universidade pública: 2 puntos por ano.

p) Por coordinación de Practicum en grao e mestrado: 1 punto.

As puntuacións ponderaranse de acordo co seguinte cadro de porcentaxes:

	AXUDANTE DOUTOR
1. TITULACIÓN	**5**
2. EXPERIENCIA INVESTIGADORA	**20**
3. EXPERIENCIA DOCENTE	**45**
4. EXPERIENCIA PROFESIONAL	**10**
5. PROXECTO DOCENTE	**5**
6. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	**5**
7. OUTROS MÉRITOS	**10**

- Ningún mérito poderá ser valorado en máis dunha alínea.
- Se nalgunha das alíneas ou subalíneas a suma da puntuación dunha persoa candidata supera o límite establecido, o que consiga o máximo terá a puntuación límite e para os restantes calcularase de xeito proporcional.